



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Deputación Permanente  
Número 2

**Sesión da Deputación Permanente**  
**28 de xullo de 2017**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

Solicitud de convocatoria dun pleno extraordinario por parte dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do conselleiro de Política Social para dar conta da publicación, por parte da Xunta de Galicia, do Decreto que desenvolva a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
2. Debate da proposición non de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación co proceso de tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia (10/PNP-000076, doc.núm. 880)
3. Comparecencia do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, para explicar a posición do Goberno en relación coa transferencia da AP-9 tras as últimas declaracións do xefe do executivo cuestionando a viabilidade da petición do Parlamento galego; así como para dar conta da situación na que se encontra o transporte público tras o conflito polo plan aprobado polo Goberno.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás doce e cinco minutos do mediodía.*

*Logo de abrir a sesión, o señor presidente solicítalle á secretaria da Mesa que comprobe a asistencia. (Páx. 4.)*

*A señora secretaria (Blanco Rodríguez) le a relación dos membros da Deputación Permanente, que van confirmando a súa asistencia ou, se é o caso, informando das substitucións. A continuación comunícalle ao señor presidente a existencia de quórum. (Páx. 4.)*

**Solicitud de convocatoria dun pleno extraordinario por parte dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, coa seguinte orde do día:**

**—Comparecencia do conselleiro de Política Social para dar conta da publicación, por parte da Xunta de Galicia, do decreto que desenvolva a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.**

**—Debate da proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación co proceso de tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia**

**—Comparecencia do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, para explicar a posición do Goberno en relación coa transferencia da AP-9 tras as últimas declaracións do xefe do executivo en que cuestiona a viabilidade da petición do Parlamento galego; así como para dar conta da situación na que se encontra o transporte público tras o conflito polo plan aprobado polo Goberno.**

*O señor presidente procede a informar sobre a ordenación do debate e os tempos de intervención dos grupos. (Páx. 5.)*

*Rolda dos grupos proponentes: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 5.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 7.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 9.)*

*Rolda de portavoces: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 12.)*

*Rolda de réplica dos grupos proponentes: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 16.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 18.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 19.)*

*Votación da solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario coa orde do día contida no documento 12806: rexeitada por 10 votos a favor e 12 votos en contra. (Páx. 21.)*

*Remata a sesión ás doce e cincuenta e sete minutos do mediodía.*

Ábrese a sesión ás doce e cinco minutos do mediodía.

**O señor PRESIDENTE:** Bo día.

Imos dar comezo á sesión.

Prégolle á señora secretaria que comprobe a asistencia.

**A señora SECRETARIA (Blanco Rodríguez):** Moi bo día, señorías.

Álvarez Martínez, Luis Manuel: Si.

Arias Rodríguez, Raquel: Si

Conde López, Francisco José (*Substituído por Vega Pérez, Daniel.*)

Cuña Bóveda, M<sup>a</sup> Ángeles: Si.

Fernández Gil, César Manuel: Si.

Fernández Leiceaga, Xoaquín M<sup>a</sup>: Si.

Mato Otero, Beatriz (*Substituída por Trenor López, Gonzalo.*)

Núñez Feijóo, Alberto (*Substituído por Rodríguez Arias, Marta.*)

Pontón Mondelo, Ana Belén: Si

Prado del Río, Paula: Si.

Puy Fraga, Pedro: Si.

Rodil Fernández, Olalla: Si.

Romero Fernández, Cristina Isabel: Si.

Rueda Valenzuela, Alfonso (*Substituído por Pazos Couñago, José Alberto.*)

Sánchez García, Antón: Si.

Santos Queiruga, Carmen: Si.

Tellado Filgueira, Miguel Ángel: Si

Vilán Lorenzo, Patricia: Si.

Villares Naveira, Luis: Si.

Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si.

Calvo Pouso, Diego: Si.

Blanco Rodríguez, Noela: Si

Hai quórum, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora secretaria.

A orde do día é un punto único, que é a solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario, por petición dos grupos parlamentarios de En Marea, Socialista e Bloque Nacionalista Galego.

**Solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario por parte dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, coa seguinte orde do día:**

—**Comparecencia do conselleiro de Política Social para dar conta da publicación, por parte da Xunta de Galicia, do decreto que desenvolva a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.**

**—Debate da proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación co proceso de tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia**

**—Comparecencia do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, para explicar a posición do Goberno en relación coa transferencia da AP-9 tras as últimas declaracións do xefe do executivo en que cuestiona a viabilidade da petición do Parlamento galego; así como para dar conta da situación na que se encontra o transporte público tras o conflito polo plan aprobado polo Goberno.**

**O señor PRESIDENTE:** O debate ordénase do seguinte xeito: hai unha rolda dos grupos proponentes, por un tempo de 15 minutos, que se fracciona en 5 minutos por grupo; unha do grupo non proponente, por un tempo de 10 minutos; e unha réplica dos grupos proponentes por un tempo de 3 minutos.

A votación despois será de xeito conxunto, por ser o documento 12806 dos tres grupos.

E, polo tanto, empezamos coa rolda dos grupos proponentes. Comeza o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, pois moitas grazas, e moi bo día a todos e a todas.

Como xa vostede sinalaba, hoxe os tres grupos da oposición solicitamos a celebración dun pleno extraordinario, que, polo que a min se refire —e supoño que o resto dos grupos estarían de acordo—, pareceríanos oportuno mesmo aproveitar que a semana que vén imos celebrar un pleno extraordinario para abordar o debate sobre o teito de gasto. Sería unha boa ocasión para incluír algunha iniciativa que non só viñera do Goberno, senón tamén que viñera dos grupos da oposición. Creo que esta é a maneira habitual de facer as ordes do día do Parlamento e creo que sería positivo que as preocupacións que nós temos a respecto de temas importantes se puideran tratar, que se puideran falar neste Parlamento e que non houbera un rodillo que impida que debates importantes se poidan producir na Cámara. Porque penso que esa é a nosa obrigaón como representantes dos galegos e das galegas.

Entendemos, ademais, que os temas que propoñemos nesta iniciativa teñen o calado suficiente como para que merezan unha convocatoria. Estamos falando tanto de iniciativas para falar sobre o non desenvolvemento da Lei de inclusión social, que nós cremos que, nun momento no que medraron as desigualdades e que hai un problema tan grave de pobreza no noso país, sería importante saber por que o Goberno galego non está articulando todos os mecanismos, e mesmo incumpre as propias leis das que se ten dotado.

Isto, polo tanto, é unha cuestión que ten moito interese. Aínda que, se me permiten, eu quixera centrarme un pouco máis na defensa de por que debemos abordar esta convocatoria e centrarnos na proposta que formulamos desde o noso grupo, que é esa comparecencia de

Alberto Núñez Feijóo para abordar o que son dous temas importantes: un, a súa posición a respecto da transferencia da AP-9; e un segundo, que é a situación de conflitividade crecente que se está producindo en relación co transporte de viaxeiros, moi especialmente co transporte escolar.

Eu creo que unha das obrigas que ten o presidente da Xunta é responder ante este Parlamento, e, polo tanto, comparecer ante a Cámara. E penso que estes dous asuntos merecen ser antes de que o presidente da Xunta tome as súas vacacións —que non poño en dúbida que poida ir de vacacións, pero si que creo que o presidente da Xunta debería comparecer e dar explicacións, porque o certo é que nos preocupa moito a súa posición—.

Eu hoxe agardo que o Partido Popular reconsidere o que xa nos anunciou nos medios de comunicación a semana pasada, en que se dicía que non se ía aceptar a comparecencia de Alberto Núñez Feijóo. Eu, desde logo, penso que no tema da AP-9, se o PP nos di que, como hai unanimidade, non temos que falar sobre o que está pasando coa transferencia da AP-9, pois o que nos dá a entender é que o Partido Popular vive en Marte. E o certo é que nós estamos moi preocupados e preocupadas, porque o presidente da Xunta neste tema temos moi desconcertados e desconcertadas polos seus bandazos. Estes días case poderíamos dicir que lle viría moi ben unha canción de Sabina, que di: «*Tanto de digo una co, como te digo la o*».

E ¿por que digo isto? Porque precisamente o presidente da Xunta de Galiza durante as últimas semanas parece ser que está empeñado en converterse no principal aliado de Íñigo de la Serna á hora de darlle escusas para xustificar o veto da AP-9. E, en vez de poñer a camiseta de Galiza, pois parece que está poñendo a camiseta do Partido Popular, e non está tendo unha actitude firme e contundente á hora de defender algo que é importante para os galegos e as galegas: que teñamos unha xestión da AP-9 desde Galiza, unha xestión que, ademais, nos permita tomar todas as decisións relevantes en relación con este tema.

Ademais, hai unha cuestión que a min me parece que é moi importante, e é que temos ás portas —estanos agardando despois do verán— un máis que previsible segundo veto vergoñento por parte do Estado ao debate a á transferencia da AP-9. E nese sentido nós queremos deixar algo moi claro: desde o BNG seguimos tendo a man tendida para que se respecte a vontade deste Parlamento para que avancemos realmente en conseguir a transferencia da AP-9. E o que nos interesa saber é o que vai facer Alberto Núñez Feijóo, sobre todo porque esta é unha decisión que neste momento non depende do que diga o Goberno, senón que depende directamente do que diga o Partido Popular. Porque está na man de Ana Pastor decidir se realmente o debate da lei segue adiante ou se o seu voto vai ser decisivo para que se consolide un segundo veto vergoñento.

E, fronte a isto, nós vemos moita tibieza por parte do presidente da Xunta de Galiza, que se está intentando poñer de perfil ante un tema que é moi relevante. Desde logo, parécenos que o lóxico sería que viñera a este Parlamento, que nos conte cal vai ser a súa estratexia. Porque o que é evidente é que, cando se reinicie o traballo parlamentario ordinario das Cortes do Estado, ese segundo veto está aí. E, cos antecedentes que temos, moito tememos que, se non hai unha posición firme e contundente por parte da Xunta de Galiza defendendo a unanimidade que temos neste Parlamento, o resultado pois será

continuar vendo como as transferencias a Galiza seguen conxeladas. Levamos case nove anos con cero transferencias. Hai que lembrar que Euskadi e Cataluña xa conseguiron as transferencias de autoestradas similares hai décadas —mesmo algunha durante os gobernos do señor Aznar—, e non hai ningunha razón lóxica que explique que se siga mantendo o veto á transferencia da AP-9 e que se siga mantendo unha xestión que é un absoluto escándalo.

E o segundo tema que para nós é importante pois é precisamente o que ten que ver co transporte, e moi especialmente co impacto que ese novo plan vai ter no transporte escolar. Párecenos que a Xunta de Galiza está seguindo o camiño equivocado, o camiño da confrontación, o camiño de non escoitar e o camiño do ordeno e mando.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Si, remato, señor presidente.

Pois está poñendo en risco tanto os servizos, como o emprego e o propio tecido empresarial galego. E mesmo non estamos libres de que no mes de agosto haxa unha nova folga sobre a mesa que claramente vai significar problemas importantes.

Sobre isto, só tres cuestións que a nós nos parecen importantes á hora de xustificar por que cremos que debe comparecer o presidente. Primeiro, porque houbo un escurantismo importante en relación co proceso de adxudicación. Foise por unha vía na que a Xunta decide a que empresas se lles adxudica. Non se fixeron públicos os datos de quen manifestaron interese, de que empresas se convidaron. Temos xa sobre a mesa a xudicialización do conflito. E a nós preocúpanos moito o emprego e a calidade do servizo de viaxeiros, e moi especialmente do transporte escolar, que, como agora non teño máis tempo, gustaríame explicalo. Pero, desde logo, é un risco que se suprima o transporte escolar e que os nenos e nenas teñan que ir no transporte ordinario.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, bos días.

Eu tamén considero que todos os temas que están enriba da mesa son relevantes, pero voume centrar nalgúns deles, complementando o que fan os outros portavoces dos grupos que solicitamos a convocatoria deste pleno extraordinario.

No ano 2016 o Parlamento de Galicia aproba por unanimidade unha proposición de lei orgánica para a transferencia da AP-9, remítese a Madrid, admítese a trámite pola Mesa, o Goberno de España fai o seu informe e indica que aceptar esa proposición de lei suporía un incremento dos créditos orzamentarios sen que exista consignación no exercicio actual. Polo tanto, non presta a súa conformidade e, finalmente, digamos que a Mesa do Congreso veta esa proposición de lei orgánica e non se tramita.

Tomamos nota no Parlamento de Galicia e volvemos refacer a proposición de lei orgánica. Revisámola con apoio técnico suficiente para evitar que poida ser obxecto de veto por motivos financeiros, trasladando as consideracións de carácter financeiro á Comisión Mixta de Transferencias. De novo, aprobámola por unanimidade, remitímola ao Congreso dos Deputados, e o informe do Goberno volve insistir directamente nos mesmos argumentos —que agora xa sabemos que son prexuízosos e incorrectos—, traslada á Mesa do Congreso de novo unha posición contraria á tramitación, e está pendente de que a Mesa tome unha decisión definitiva. É un novo veto á tramitación desta proposición de lei orgánica, que podemos dicir que ten premeditación e reiteración.

O importante é que aínda estamos a tempo de influír na decisión que tome ese órgano do Congreso. E, mentres, vemos que o presidente da Xunta pois bota balóns fóra, fai da inacción un principio básico e incluso nos últimos tempos sementa dúbidas sobre os beneficios financeiros para Galicia da transferencia. O Ministerio de Fomento despreza o Parlamento de Galicia, e con el a todos nós. E, mentres, a Xunta mantén unha comisión de xestión da AP-9 e sementa dúbidas sobre as consecuencias de decisións que previamente adoptamos por unanimidade neste Parlamento.

Entón, ¿por que pedimos o pleno extraordinario? Pois por unha combinación de oportunidade —aínda estamos a tempo de influír na Mesa do Parlamento se nos damos présa— e de inacción, de inacción do presidente da Xunta, que na práctica actúa con submisión diante do Ministerio de Fomento e do presidente do Goberno. Pero tamén pola necesidade de expresar con rotundidade a oposición do Parlamento de Galicia a esta falta de consideración do Goberno do señor Rajoy manifestando de maneira unánime a nosa determinación para conseguir esta transferencia.

Tamén serve o pleno extraordinario para darlle unha oportunidade ao señor Alberto Núñez Feijóo de volver a unha posición conforme a unanimidade previamente acordada no Parlamento de Galicia, e tamén para explicarlle á Mesa do Congreso as nosas razóns, que son as razóns deste Parlamento: que a AP-9 é unha arteria que irriga toda a Galicia occidental, que a Administración autonómica foi dotándoa de sentido e aumentando o seu tráfico —e posiblemente os beneficios da concesionaria— ao ir colgando desta columna vertebral as extremidades que conectan amplas zonas de Galicia con esta infraestrutura, e explicar como afecta esta xestión á vida de galegos e galegas e á competitividade das nosas empresas, como a actual situación nos prexudica economicamente como cidadáns e, en cambio, favorece as contas da Administración xeral do Estado, e como carece de sentido o veto porque o cambio de titularidade non cambia a funcionalidade da infraestrutura nin implica a priori compromisos financeiros para a Administración xeral do Estado, compromisos que, en todo caso, haberá que negocialos na Comisión Mixta de Transferencias.

Precisamos, na nosa opinión, renovar o acordo unánime do Parlamento de Galicia para vencer a resistencia do Goberno do Partido Popular en Madrid e someter a trámite a transferencia da AP-9. Porque isto é importante. O veto do Ministerio de Fomento e do Goberno do señor Rajoy é á discusión da lei no Congreso dos Deputados, sen prexulgar o resultado desa discusión e o resultado que vai ter a votación no Congreso dos Deputados. Non hai nada máis contrario —ao noso entender— ao respecto ás institucións. En realidade iso é ser antisistema.



Non hai nada máis antisistema que este Goberno central, que coa súa actitude perverte o normal funcionamento das institucións da nosa democracia para defender posicións partidarias.

E, neste caso —todos o sabemos—, a Mesa do Congreso dos Deputados ten unha posición decisiva, Mesa do Congreso que está presidida por unha deputada da provincia de Pontevedra do Grupo Popular, a señora Ana Pastor.

O Grupo Popular en Galicia definiu ese veto como un error. Eu diría que é una posición que perverte o funcionamento das institucións democráticas e despreza o autogoberno de Galicia. Pero aceptemos ese concepto. Se é un erro, os erros eméndanse. Pode que os membros da Mesa do Congreso descoñezan as razóns do Parlamento de Galicia. Poñámonos de acordo todos os grupos de novo nun pleno extraordinario e traslademos esas razóns oficialmente á Mesa do Congreso. Expliquémolles o que está detrás da decisión unánime do Parlamento de Galicia.

Entenderán vostedes —e vou rematando— que esa comparecencia do presidente da Xunta nós entendémola como unha oportunidade para el, pero tamén como un deber; unha oportunidade para distanciarse da estratexia do Ministerio de Fomento e do Goberno do señor Rajoy, e un deber en defensa das posicións previamente adoptadas polo Parlamento de Galicia e da dignidade desta mesma institución.

Pero, ademais desa comparecencia, quixemos introducir no pleno unha posibilidade de adoptar un acordo, de volver concitar a unanimidade de todos os grupos parlamentarios sobre esta cuestión. E para iso utilizamos unha proposición non de lei antiga. E poderíanme dicir que é un pleno extraordinario urxente cunha proposición que ten varios meses. Pero xustamente quixemos utilizar esta proposición non de lei para demostrar que estamos na posición orixinal, e que o Partido Popular en Madrid mantivo durante todo este tempo a mesma posición con independencia dos cambios que introduciu o Parlamento de Galicia na lei orgánica que remitimos ao Congreso dos Deputados, xustamente para enfrontar a nosa flexibilidade coa inflexibilidade e a senrazón dos argumentos utilizados polo Ministerio de Fomento.

Non nos están tomando en serio, e temos que demostrarlles que estamos determinados a conseguir esa transferencia, porque é como mellor podemos influír no benestar dos nosos cidadáns, dos galegos e das galegas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si, moitas grazas e bos días.

Comezarei explicando as razóns da petición formulada por En Marea, comezando por recordar que o 1 de xaneiro do 2014 entraba en vigor a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Na súa disposición adicional primeira dicíase que nun período máximo de seis meses se elaborarían as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación. Seis meses dende o 1 de xaneiro de 2014.

Pois ben, estamos xa no segundo semestre de 2017 e o decreto de inclusión social está aínda por desenvolver. E, entón, despois de máis de tres anos de retraso, ¿por que a urxencia para pedila neste caso nesta comparecencia extraordinaria? Pois por unha razón, porque ao longo deste período de sesións o conselleiro de Política Social anunciou na última das súas comparecencias, con motivo da interpelación sobre o aumento da taxa de risco de pobreza infantil en Galicia, que a publicación deste decreto era inminente. Pois ben, pasou o tempo do que poderíamos considerar a inminencia e non se fixo nada. Polo tanto, consideramos necesario que o conselleiro compareza para dicir por que non se leva a cabo a publicación deste decreto, cales son as razóns que o motivan e por que anunciou isto como inminente cando realmente non era así.

Pero existe unha segunda razón a maiores disto. Un atraso ao que nos ten acostumados tamén a Xunta de Galicia non sería seguramente motivo suficiente de alarma, porque estamos acostumbrados a isto, pero hai unha razón material que está de fondo, e son as persoas que se encontran prexudicadas polo feito de que non se desenvolva este decreto de inclusión social.

A falta deste desenvolvemento regulamentario provoca, en primeiro lugar, atrasos na tramitación da Risga; en segundo lugar, a falta de criterios homoxéneos entre as xefaturas territoriais, en terceiro lugar, diversidade de aspectos relativos ao control ou á burocratización excesiva, etc., que redundan todos eles nun afastamento das persoas en risco de exclusión social do propio sistema.

Ademais, no dito decreto deben de regularse dúas cuestións que son fundamentais e que se puxeron enriba da mesa durante este período de sesións: en primeiro lugar, os tramos de transición ao emprego son moi importantes para dar cabo tamén de forma regulamentada a unha sentenza que emitiu o Xulgado do Contencioso número 1 de Vigo, o dereito de convivencia das persoas perceptoras da Risga.

¿Cales son as razóns para que o conselleiro non saque adiante este decreto e non veña darnos explicacións? Nós tememos que será o feito de que esta regulación modificaría á alza os orzamentos previstos, porque o desenvolvemento destas disposicións daría lugar a unha maior claridade, a unha maior axilidade e seguramente a un maior acceso ás prestacións sociais por parte dos beneficiarios, á parte dunha necesaria alza das contías da Risga, que ata agora están por baixo da media estatal.

Quero destacar varias ideas a maiores. En primeiro lugar, que a aprobación de leis de carácter social sen desenvolvemento regulamentario e sen desenvolvemento orzamentario non valen para nada. Polo tanto, a mera afirmación da súa existencia non priva ou non quita as persoas potencialmente beneficiarias da súa situación de necesidade ou de risco de exclusión social. Para iso é necesario o desenvolvemento regulamentario e, ademais, a dotación orzamentaria. Isto non soamente foi posto e denunciando politicamente por En Marea, senón que tamén asociacións profesionais e organismos da sociedade civil que están traballando neste campo así o fixeron, como o caso da Plataforma Proserso, en Defensa da Profesionalización dos Servizos Sociais, que xa chamou a atención sobre a perda de dereitos da cidadanía precisamente como consecuencia desta falta de desenvolvemento.

Polo demais, esta falta de previsión a consecuencia da falta de desenvolvemento orzamentario deu lugar a que xa por dúas veces esta imprevisión da consellería dese lugar a dous incrementos orzamentarios en relación coa Risga no ano 2017, tanto en marzo como no mes de abril. Sobre un orzamento inicial de 57 millóns de euros, en marzo houbo que facer un primeiro incremento de 600.000 para atender as solicitudes coas que non se contaba, o cal dá idea, en primeiro lugar, da situación real de risco de pobreza ou de exclusión social na que se encontra unha parte da nosa cidadanía, algo que foi denunciado por distintos organismos independentes; e, en segundo lugar, dun incremento en abril de case un millón de euros adicional para atender novas solicitudes. Todo isto podería preverse dunha forma máis acabada, e, polo tanto, o orzamento inicial podía ser máis axustado se o desenvolvemento regulamentario se tivese feito xa no seu momento, o cal permitiría facer unha previsión máis axustada.

En todo caso, hai dous elementos de carácter estrutural que temos que ter en conta: en primeiro lugar, que a situación de pobreza ou exclusión social aumentou durante a crise e que non se está corrixindo neste momento de fase expansiva do ciclo económico, e, en segundo lugar, a necesidade de que este decreto regule para todas as persoas o que con carácter singular ditou a Sentenza do 23 de novembro de 2016, do Contencioso Administrativo 1 de Vigo, sobre a regulación do tema da convivencia das persoas perceptoras da Risga.

Polo tanto, todo isto xustifica a urxencia non soamente de sacar o decreto, senón da comparecencia do conselleiro para, no seu caso, explicar por que ou por que non o fai.

En relación coas outras propostas, tamén solicitamos ou nos adherimos a esta petición de pleno extraordinario, en primeiro lugar, en relación co veto da transferencia da AP-9, porque, como se puxo aquí de relevo, nin sequera se está falando dunha negativa dunha maioría parlamentaria no Parlamento español, estase falando dun veto ao debate dunha lei, estase negando o que é esencial en democracia, que é poder debater. Polo tanto, se se nos amordaza para non poder expresar cal é a posición política, nada máis e nada menos que de todo un parlamento, o Parlamento de Galicia, dentro do Estado, mediante esta proposición de lei, pois entendemos que mal podemos falar dunha democracia avanzada ou dunha democracia de calidade.

Pero é que, ademais, o veto ou a proposta de veto que se produce na Mesa do Congreso prodúcese con base nun informe que está cheo de infundios e de falsidades. Voume referir literalmente ao propio informe, que poderá ilustrar amplamente o desleixo co que se tomou o tema na propia Mesa do Congreso, onde non se ten en conta que foi o que se lle remitiu dende o Parlamento galego. Fálase indicándose: «*De acuerdo con los últimos datos cerrados y disponibles en 2016, la concesión de la AP-9 tuvo unos ingresos derivados de peaje de 138,6 millones de euros. Dado que el fin de la concesión está fijado en 2048, el coste estimado de rescate de toda la concesión está cifrado en más de 4.400 millones de euros.*» ¿Quen falou de rescate da concesión na proposta que sae do Parlamento galego? Isto o único que está revelando é que nin sequera se tomaron a molestia de adaptar o informe a novas necesidades e á nova proposta de saída do Parlamento de Galicia. Non se molestaron nin en ler o que sae do Parlamento galego, ¡nin en ler!

E vou rematando. Na disposición adicional primeira da proposta que sae deste Parlamento xa se di expresamente —e foi revisada polos letrados e letradas desta Cámara— que se producirá sen custo adicional. Logo, tamén toda a parte final do informe onde se volve falar

desas circunstancias económicas folgaba incluíla, porque é simplemente un corta e pega dun informe anterior. Temos unha Mesa do Congreso que nin sequera toma en serio as propostas que saen deste Parlamento.

Estamos ante unha cuestión que non ten carácter xurídico, estamos falando da irrelevancia política á que se quere someter ao Parlamento de Galicia por parte da Mesa do Congreso, e cremos que é necesario debater esta cuestión para que, polo menos, aínda que a maioría absoluta do Partido Popular nin aquí nin alí valla nada, polo menos como espazo político onde o conxunto da cidadanía se expresa de forma unánime poidamos facer valer unha vez máis a nosa posición de dignidade, entre outras cousas como Parlamento de Galicia.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

A oposición solicita no día de hoxe que celebremos en período non ordinario un pleno extraordinario suponse que por temas que requiren especial urxencia ou atención por parte da Cámara.

Eu quero recordar de entrada que, de acordo coa reforma que se fixo na pasada lexislatura, o período ordinario rematou o 15 de xullo e comezou o 15 de xaneiro; polo tanto, o período ordinario é moito máis longo e, polo tanto, a posición ten moita máis capacidade de controlar ou impulsar cuestións, e tan é así que as tres cuestións que nos traen hoxe como urxentes ou que hai que abordar en período non ordinario de forma perentoria son tres cuestións que foron tratadas dúas delas no último pleno, hai apenas unha semana ou dúas, e a outra ao longo do período de sesións, concretamente a publicación dun decreto cuxa aprobación para este ano xa comprometeu o Consello de Política Social. Foi nunha pregunta que fixo a oposición, que agora pide o Grupo En Marea e que pide agora unha comparecencia urxente. E déuselle por resposta que ao longo deste ano estaría o decreto. Polo tanto, non vemos excesiva urxencia. A pregunta foi substanciada o 22 e marzo no pleno.

O mesmo se pode dicir do transporte público. Compareceu a conselleira no último pleno. E o mesmo en relación coa AP-9, no que as tres preguntas que se lle fixeron ao presidente foron sobre isto.

Isto lévanos a pensar que, evidentemente, cada vez que hai un pleno é habitual que se faga control cando o pleno é un pleno ordinario. Nos plenos habituais e ordinarios é normal que a oposición faga control. O 80 % das iniciativas son de control e impulso por parte da oposición, pero cando non é ordinario non é habitual que a oposición poida introducir elementos de control.

Eu creo que nestas cuestións é coñecida a posición do Goberno, e ademais as tres cuestións funcionan axeitadamente, como agora referirei. Van evolucionando satisfactoriamente.

En realidade, a Deputación Permanente é un clásico do verán, do período non ordinario, no que a oposición aproveita para establecer aquí un debate non sobre se hai pleno ou non senón sobre o fondo dos temas que se plantexan, e por iso pensei que era interesante ver cales eran os antecedentes das peticións da oposición. Por exemplo, no 2010 o pleno extraordinario era pola autovía da Costa da Morte, unha autovía que xa está funcionando practicamente enteira; está licitándose o seu remate.

No ano 2011 o que pedía a oposición era falar sobre a grave situación do desemprego, e hoxe en día estamos falando do ritmo de creación de emprego, non, evidentemente, de que creza o desemprego.

No ano 2012 a solución era o *tax lease*. Non tivemos o apoio de ningún grupo da oposición, e hoxe os titulares son: «A marca de Galicia lidera a construción naval»; «*Aclunaga celebra el repunte del sector con 27 contratos de nueva construcción y 8.000 empleos en 2016*»; «Galicia volve liderar a industria naval en España por primeira vez en cinco anos».

No ano 2013 o tema relevante era a desaparición da entidade financeira galega; esa entidade financeira galega que está anunciando expansión de mercado pola desafortunada noticia da desaparición do Banco Pastor e do Banco Popular, entidade domiciliada en Galicia e que, afortunadamente, conseguimos na comunidade autónoma con moito esforzo que sexamos a única comunidade autónoma onde as caixas quebradas manteñan o seu domicilio social e a súa entidade propia en Galicia.

No 2015, a hepatitis C. Hoxe en día creo que ese problema, a Deus grazas, está superado claramente. É un tratamento que se estende incluso aos que están na fase I e II. Certamente, o Partido Socialista soía incluírnos o problema da evolución económica de Galicia. Hoxe hai un dato que acaba de ser publicado no indicador Abanca, Foro de Conxuntura, que di que Galicia medrou en taxa interanual no mes de maio, e que é do 3,6 do produto interior bruto. Polo tanto, certamente, a situación económica de Galicia tamén vai solucionándose, o cal non quere dicir que estean resoltos todos os seus problemas. Hai moitos e moi graves. Particularmente, aínda que se estea creando emprego, temos unha preocupación especial por esa cuestión, así como en relación coas consecuencias en materia de desigualdade que deixou a crise.

O real, o que hai que dicir, é que hai moitos problemas e que se van resolvendo; algúns outros, que son estruturais, resólvense máis lentamente, pero a experiencia das deputacións permanentes e os temas que a oposición consideraba urxentísimos e perentorios demostra que este goberno vai resolvendo os problemas, algúns definitivamente, e outros, como digo, estruturais, máis lentamente.

Sobre os que queren incluír como urxentes e que xa foron tratados recentemente, a disposición regulamentaria que desenvolverá os aspectos da Lei de inclusión está previsto, como dixo o conselleiro, que estea aprobada antes de que remate o ano, e incluírá, como é lóxico, a posta en marcha dos novos tramos de inserción e transición ao emprego da Risga. Téñense en conta as demandas plantexadas polas entidades de iniciativa social e o resto dos axentes implicados. A Risga está mellorando na súa xestión. No tempo medio total de tramitación hai unha mellora, unha media, de 118,9 días en 2015 e ata 67,49 en 2016, que se melloraría

nalgún concello como en Vigo, para que fose máis áxil. Certamente, cúmprese a lei aos dous meses. Estamos no cumprimento da lei no que é a tramitación.

En canto ao orzamento, o señor Villares non recorda que aquí o primeiro debate que houbo por parte da oposición, que se lle criticou ao Goberno, era sobre o carácter ampliable ou non da Risga. Nós sempre dixemos que era ampliable, porque, efectivamente, a Risga depende de moitas situacións, non só do emprego, xa que o que está deixando a crise é xente que, por razón de cualificación laboral ou de idade, é difícil que retorne ao mercado laboral e pode estar nunha situación de risco de exclusión. Polo tanto, esas partidas sempre foron ampliáveis. De aí que se ampliaron xa este ano e que, polo tanto, un incremento do 11,84 no que vai de ano con respecto ao ano 2016 reflecta o compromiso claro deste goberno coa solidariedade.

AP-9. Efectivamente, a proposta que se nos fai, a iniciativa dese punto da orde do día do Grupo Socialista, é unha iniciativa que se rexistra despois de que a Mesa do Congreso fixera o primeiro rexeitamento, circunstancia que non se produciu aínda. É certo que hai un informe do Goberno, pero tamén é certo que a Mesa non se pronunciou.

Eu creo que sobre a AP-9 tampouco hai ningunha novidade, porque o feito é que o Goberno central, gobernase quen gobernase, gobernase o PSOE co apoio do Bloque, gobernase o PSOE a soas ou gobernase o Partido Popular, non mostrou disposición ao traspaso desta transferencia. Si hai un cambio en Galicia, e é que por fin hai unidade, porque cando o PP estaba na oposición e pediu este traspaso os que apoiaban o Goberno entón, xusto cando o antecedente estaba máis próximo, que era o do País Vasco, pois rexeitaron pedir esta transferencia.

Evidentemente, esa unidade queremos mantela. Entendo que o concepto de unidade, vendo como fan algunhas forzas políticas as súas celebracións principais de forma pouco unitaria, pode custar mantela. Pero nós, desde logo, queremos manter a unidade sobre esta cuestión e para iso hai que ter en conta onde está o problema, que é na Administración central do Estado e non é no presidente da Xunta.

Evidentemente, hai un conflito de índole federal, como hai tantos en tantos países de estrutura federal, e que haxa este tipo de conflitos, desde logo, non pon a ninguén fóra do sistema. Da señora Ana Pastor poden dicirse moitas cousas, a maioría moi boas, pero non que teña, digamos, unha tendencia antisistema. Estamos ante un conflito claramente de carácter federal.

Entón, preguntábase que vai facer o Goberno. Eu quero salientar que o Goberno xa está facendo cuestións. Primeiro, non están gañando sobre as peaxes, e a transferencia non implica a supresión das peaxes. Quero recordar que a autovía transferida ao País Vasco, a que se menciona sempre, Bilbao-San Sebastián, 102 quilómetros, ten unha peaxe —pese a que é do País Vasco a autopista— de 10.5 euros. Se fai vostede unha comparación coa AP-9, que é A Coruña-Pontevedra, 133 quilómetros, 11,6 euros, ve que a transferencia non implica ningún aforro para os usuarios. Iso hai que dicilo porque o que esperamos é que mellore a cuestión. E o presidente o que está facendo é avanzar na redución de custos que implicaría ese traspaso no seu momento á comunidade autónoma.

O Bipartito no seu día, en cooperación intelixente, en vez de pedir a transferencia, o que negociou foi levantar as peaxes da Barcala e Rande. Iso implica que a Xunta está gastando seis millóns de euros ao ano porque asume o 50 % das peaxes, e o presidente o que está intentando é que aforre Galicia os 180 millóns ata o final da concesión, cousa que creo que é boa, mesmo antes de negociar a transferencia, porque, efectivamente, simplificaría despois o debate.

En definitiva, imos continuar pedindo esta transferencia.

Evidentemente, non imos golpear ningunha mesa, como propoñía onte a portavoz do Bloque, nin por suposto creo que sexa o mellor sistema ir acampar á Moncloa, como propuxo outro portavoz, neste caso o das Mareas, pero, certamente, imos seguir intentando manter esa unidade, que reforza o diálogo e a negociación por parte de Galicia.

Finalmente, o transporte. Aquí houbo un problema derivado da normativa comunitaria, da sentenza do Supremo e, finalmente, da renuncia a concesións de varias empresas, que renunciaron á concesión da que eran titulares. Os feitos de actuación da Xunta —como explicou a conselleira hai nada na Cámara— son que se chegou a acordos cos traballadores na subrogación dos contratos, co cal, o conflito é sindicatos-empresas, e non coa Administración, que fixo aquí un traballo exemplar en defensa dos dereitos dos traballadores.

O transporte escolar non se suprime, afecta o 10 % nada máis, á posible incorporación de liñas de transporte escolar ao que é o transporte ordinario e de pasaxeiros. Polo tanto, non estamos dicindo que vaia desaparecer o transporte escolar, que foi o que literalmente se dixo. (*Murmurios.*) Non, afecta o 10 % nada máis, o resto vai saír a concurso e, polo tanto, vai saír a concurso tamén antes do ano 2019, porque é o que sinala a Unión Europea.

Aquí díxose que as empresas eran de amigos e que eran as grandes empresas as que ían levar os contratos. O feito é que xa están resoltos 38 dos 41 concursos e que están xa adxudicados. As empresas dicían que era ruinoso, e moitas delas foron á baixa, e moitas veces a baixas temerarias, e desas 38 adxudicacións resulta que a maioría son as UTE das pequenas empresas que estaban xa prestando servizo sobre o territorio. É dicir, que, lonxe de favorecer as grandes empresas, lonxe dalgunhas insinuacións que se fixeron aquí, o que se fixo pola Xunta foi defender os traballadores desas empresas e defender as pequenas e medianas empresas que están operando en Galicia. ¿Con que finalidade? Pois salvar a legalidade do concurso, mellorar o transporte público en Galicia e, por suposto, mellorar a mobilidade no territorio do país.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** En definitiva, non son problemas que haxa que tratar de forma urxente, porque non son sobrevidos. Hai un pleno extraordinario porque así o marcan dúas leis, unha autonómica e outra estatal, para aprobar o teito de gasto; obrigan dúas leis —unha autonómica e outra estatal— a facelo antes do 1 de xullo, e imos chegar xustos, pero imos chegar máis ou menos na data. Certamente, estas cuestións poden esperar as catro semanas que faltan para que se volva iniciar o período ordinario. Mentres tanto, ¿a Xunta que vai facer? Pois como todo o outro que se trouxo ás deputacións permanentes no pasado, ir avanzando, ir resolvendo definitivamente todo o que se pode resolver...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PUY FRAGA:** ...e ir sentando as bases para que os problemas estruturais melloren e teñan unha solución a medio e longo prazo.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Turno de réplica por un tempo de tres minutos. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Puy, a verdade ten vostede unha teoría que é digna de estudar en todas as facultades de ciencia política. Segundo vostede, os temas soluciónanse evitando que falemos deles no Parlamento. Imaxino que o que vai facer o resto da lexislatura é renunciar ao dereito a poder falar sobre os temas, seguindo esta curiosa teoría que me imaxino que vai empezar a ser estudada en todas as facultades de ciencias políticas.

É falso que non haxa novidades desde o último pleno. Certamente houbo novidades importantes, mesmo algunha que se produciu nese pleno onde Alberto Núñez Feijóo nos vende unha moto que supoño que vostedes tampouco cren, e esta cuestión de que agora o problema é Cataluña ou que agora o problema son os millóns de euros das peaxes de Rande e A Barcala. Como se unha transferencia non viñera sempre acompañada de máis recursos. É que iso é de ABC tamén, neste caso de primeiro de Ciencias Políticas. Ou o mesmo, señor Puy, que que nos diga que a transferencia non ten que ver coa xestión das peaxes. ¡Claro que ten, e moito que ver! Porque o que nos permitiría a transferencia é decidir sobre as peaxes. E o que leva pasado durante estes anos é que, efectivamente, o Goberno do PP e tamén gobernos do Partido Socialista o que fixeron foi subir sempre as peaxes ao noso país, e agora mesmo vostedes o que están preparándonos de regalo de Aninovo para o 2018 é unha nova subida das peaxes da AP-9.

Eu estou absolutamente convencida de que, se en vez de estar no Parlamento de Galiza, estiveramos no Parlamento de Madrid, e desde Madrid viran como se rescatan as autoestradas galegas por 3.500 millóns de euros e a eles se lles dixera que hai cero euros para rescatar as súas autoestradas, a señora Cifuentes non sei se estaría dando un golpe na mesa, pero ao mellor estaba ardendo Troia. ¿Cal é o problema que temos aquí? Pois que temos Alberto Núñez Feijóo instalado no «si bwana» a todas as decisións que nos din dende Madrid, je así nos vai, señor Puy!

Mire, o do transporte escolar claro que merece unha explicación, e todo o que está pasando co servizo de transporte público. Hai unha xudicialización xa de todo ese proceso, e teñen vostedes un antecedente como foi a adxudicación do transporte de emerxencias, onde os tribunais lles dixeron que vostedes fixeron unha adxudicación ilegal, e van seguindo o mesmo camiño co tema do transporte.



¡Vaia se non hai cousas que explicar! A nós gustaríanos que nos explicaran esa instrución que di que agora os nenos e nenas aos que se lles suprime o transporte escolar porque van ir no transporte regular, se os seus pais se atrasan máis de cinco minutos, teñen que seguir toda esa liña de transporte para que non haxa atrasos na liña. ¿Non lle parece iso un problema? ¿Non cre que vai haber nenos e nenas de primeira e que os nenos do rural van ter un servizo máis deficiente?

¿Non cre que este tipo de cuestións merece unha explicación? ¿Por que se opón a que haxa transparencia? Porque é o que nós estamos pedindo, que nos digan que empresas tiveron interese en participar; a que empresas ao final se invitou; se lles preocupa ou non que haxa liñas onde non se presentou ninguén...

Sabemos que para o Partido Popular os problemas deste país son de risa, pero, en fin, é o respecto que vostedes teñen aos que non pensan como vostedes, claro, que é a prepotencia. Efectivamente, a prepotencia é o que temos. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Puy, silencio, non interrompa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, señor Puy, non está no uso da palabra.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Efectivamente, miren vostedes, onte, o Partido Popular sacaban un vídeo no que estaban presumindo de facer historia e que se comparan nada máis e nada menos que coa chegada do home á lúa, coa caída do muro de Berlín, unha hipérbole que claramente sería para rir se non fose porque vostedes están sacando peito por unha recuperación que para moitísimas familias non chega e para moita xente que vive cada día na súa precariedade.

Mire, ¿sabe o que sería histórico?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que vostedes deixaran de usar o rodillo neste Parlamento e que negociaran algo cos grupos da oposición.

Claro, solicitude do pleno en 2011, veto do PP. Solicitude do pleno en 2012, veto do PP. E así até o final. De verdade, señor Puy, estamos falando de cousas que son importantes para este país...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e a nós gustaríanos que ante unha situación na que se pode producir un segundo veto da transferencia da AP-9, un segundo veto vergoñento, víramos o Grupo do Partido Popular disposto a que puideramos como Parlamento de Galiza defender a dignidade deste país e defender que nós tamén temos dereito a unha transferencia da AP-9 que nos permita acabar co espolio que supón esa autoestrada no noso país.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor **FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, eu creo que este debate é a mellor demostración de que para discutir seriamente estes temas é mellor o formato dun pleno extraordinario que non desta Deputación Permanente, que obriga a discutir o fondo dos asuntos xustamente porque xa coñecemos o resultado da mesma, e, polo tanto, que o Grupo Popular lexitimamente se opón. É certo que ás veces se lle entenden mellor as posicións ao portavoz do Partido Popular que ao propio presidente da Xunta, pero entenderá tamén que non ten a mesma significación que diga as cousas o propio presidente da Xunta, que representa ao Executivo e ten outra significación política. Por iso é importante escoitalo a el e ver como se compromete con algunhas posicións.

Eu pensaba falar da Lei de inclusión social, entre outras cousas porque nós mesmos tamén a introducimos no anterior período de sesións de distintas formas; unha delas a través da emenda con texto alternativo, a última proposta de modificación orzamentaria, que implicaba moitos máis fondos para a Risga, pero voume centrar nas cuestións relativas á AP-9 que son as que están concentrando a atención deste órgano.

Repítese continuamente por parte dos portavoces do Partido Popular, en relación con esta transferencia, que o asunto empeza no ano 2007 cunha negativa dos que naquel momento estabamos apoiando ao Goberno.

No ano 2005, o Goberno plantexa ao Parlamento un conxunto de transferencias que deben ser obxecto dunha negociación. Nesas transferencias está incluída a transferencia da AP-9. Ano 2005. Iso suscita actuacións parlamentarias onde o Goberno explica esa posición e o apoio por parte dos que daquela estabamos apoiando ao Goberno, que nos comprometemos con iso, e deu lugar a establecer roldas de negociación co Goberno central naquel momento, nas que este asunto se pon sobre a mesa, e especificamente se pon sobre a mesa a transferencia da AP-9 no apartado de infraestruturas. Negociacións nas que eu naquel momento estaba presente porque representaba o Grupo Socialista nesa negociación.

Polo tanto, os que daquela apoiabamos o Goberno, apoiabamos a transferencia da AP-9, e o que lle criticamos ao Partido Popular no ano 2007 é que trouxera transferencia a transferencia cando xa estaba en marcha unha negociación de conxunto onde algunhas cousas deron resultado e outras ían máis lentas porque, efectivamente, había resistencia por parte do Goberno central. Pero a nosa posición foi sempre favorable a isto. O que recriminábamos era partir esa negociación, ir troceándoa simplemente para obter rédito político.

Segunda cuestión. Non hai novidades sobre a AP-9, polo tanto, non é necesario facer un pleno extraordinario. A novidade é que a Mesa do Congreso, seguramente no mes de setembro, vai tomar unha decisión definitiva e vai bloquear a tramitación desta iniciativa se non pasa nada, e nós queremos que pase algo. Nós queremos que a Mesa do Congreso, se toma esa decisión, que saiba que seguimos mantendo esa reivindicación de forma unánime e que lles está dicindo que non a todos os grupos do Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia e ao

seu presidente. Por iso era tan importante celebrar agora ese pleno, para que soberan de novo cal era a nosa posición, e iso creo que era fácil conseguilo.

No pleno que está previsto, que imos ter unha xunta de portavoces dentro de pouco tempo para o próximo martes, podía incluírse tamén un punto sobre isto e conseguir renovar esa unanimidade de todos os grupos a partir dunha posición de consenso, que creo que é a que mantemos neste punto. Non era nada difícil, era ben fácil, e poderíamos mostrar a nosa determinación e dicirlle á Mesa do Congreso cal é a posición do Parlamento de Galicia.

Cousas de hai sete anos que se resolveron. ¡Afortunadamente! ¡É que se cuestións plantexadas no ano 2010 pola oposición non están resoltas hoxe..., en fin! A verdade, como vostede ben sabe, algúns dos puntos que suscitou resolvéronse non grazas á acción do Goberno da Xunta, senón que se resolveron, entre outras razóns, porque pasou tempo suficiente como para que cambiase o ciclo económico e as cuestións fóronse resolvendo.

Pero mire, se a súa teoría é que debemos plantexar os temas na Deputación Permanente para que o Goberno da Xunta actúe, aínda que nos neguen o pleno extraordinario, entenderá que pidamos algunhas máis. (*Risos.*) Entón, o que debemos facer é seguir pedindo Deputación Permanente para que tome nota o Goberno da Xunta...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNANDEZ LEICEAGA:** ...aínda que nos negue o pleno extraordinario.

Pero tamén lle digo que non é unha boa doutrina a de dicir que se os asuntos se debaten no Pleno do Parlamento e se toman decisións no Pleno do Parlamento as cousas non se solucionan. Iso non é unha boa doutrina e non está de acordo coas condicións democráticas que sei que vostede defende.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Grazas, presidente.

Fronte ao recordatorio de canto dura o período ordinario de sesións, a resposta é clara: hai vida fóra do período ordinario de sesións e hai cousas que suceden fóra do período ordinario de sesións, e, polo tanto, as que trouxemos hoxe aquí a esta deputación son dúas delas.

Se ao PP non lle parece urxente mellorar as condicións da vida da xente, que dependen tamén en parte do desenvolvemento regulamentario da Lei de inclusión social, a nós si que nos parece. Parécenos urxente porque hai políticas sociais das que dependen nada máis e nada menos que as condicións de vida materiais, no mínimo, de determinadas persoas. Estamos falando da Risga, que non estamos falando de ningunha asignación de carácter ex-

traordinario máis alá do que é extraordinario, a necesaria solidariedade social con quen peor o está pasando.

Díxose aquí tamén —e á parte o propio voceiro do Partido Popular o dixo— que o conselleiro se comprometeu xa no mes de marzo. Estamos no mes de xullo, rematando, e ademais utilizouse a locución «de xeito inminente» para ese decreto. E se inminente era no mes de marzo, queremos saber canto significa inminente no vocábulo popular. Popular non no vocábulo da xente, senón do Partido Popular, que supoñemos que será algo que non significa de aí a final de ano porque iso non sería inminente.

Por iso nós cremos que esa comparecencia é necesaria, máxime tendo en conta que, desde esa propia comparecencia no mes de marzo, se produciron dúas modificacións de gasto porque efectivamente eran necesarias, porque a realidade social está atenazando. Por iso é necesario desenvolve-lo, para que a xente teña tamén seguridade xurídica das condicións das prestacións sociais ás que ten dereito.

En canto ás novidades en relación á AP-9, a grande novidade é que aquí non hai unha iniciativa política para presionar na Mesa do Congreso para que polo menos se nos permita debater isto a nivel parlamentario. Esa é a novidade, a falta de iniciativa política á que nos ten acostumados Feijóo neste tema; unha falta de iniciativa política que vén determinada talvez pola necesidade de contentar a todos. En primeiro lugar, á súa maioría absoluta en Madrid —maioría absoluta que non ten—. E, en segundo lugar, a aquelas persoas que foron beneficiadas pola privatización da AP-9 directamente. Polo tanto, iso soamente se produce dunha forma satisfactoria cando se vetan os debates. Porque cando se pode debater e se pode poñer enriba da mesa como isto supuxo un enriquecemento de determinadas persoas para obter uns beneficios absolutamente desorbitados nestes momento en relación coa AP-9, compréndese mellor cal é a posición do Partido Popular, intentando tamén evitar que este debate teña lugar. Máis aínda tendo en conta —como se acaba de dicir aquí e como vostede mesmo recoñeceu— que había os precedentes do propio País Vasco, co cal se recoñece unha discriminación que é discriminatoria en relación con Galicia, cando no País Vasco, nunha situación idéntica, o resultado foi diferente.

En todo caso, o que aquí se está ocultando é que hai unha posición de Feijóo absolutamente de incapacidade política en relación co propio Partido Popular ou un comportamento completamente cómplice, e desde logo, como mínimo, o que aparenta de cara á sociedade galega é unha ausencia completa como presidente do seu país, comportándose como un delegado do Goberno.

Non comportarse como presidente dun país e si como un delegado do Goberno explica que, por exemplo —falando de celebracións das que falou vostede—, no Día Nacional de Galicia a celebración do Partido Popular sexa honrando ministros do franquismo; é dicir, dun tempo no que Galicia non tiña vontade política.

Nós si que cremos que Galicia ten unha vontade política expresada unanimemente por este Parlamento, e, polo tanto, debe ser feita valer ata as últimas consecuencias, o cal significa que con Feijóo á cabeza, ou sen Feijóo á cabeza, o Parlamento ten que ter a iniciativa política

de presionar para que polo menos se poida debater, e ademais poidamos rebater nese debate as mentiras que se contan no propio informe proposto para vetar o debate parlamentario.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Rematado o debate, procedemos á votación.

Comezamos votando o documento conxunto de solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario, que, como lin antes, é o documento 12806.

*Votación da solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario coa orde do día contida no documento 12806.*


*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 12.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario.*

**O señor PRESIDENTE:** Polo tanto, non hai máis asuntos. Levantamos a sesión.

*Remata a sesión ás doce e cincuenta e sete minutos do mediodía.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25